

BRAVAS

CIENTÍFICAS E
ARTISTAS GALEGAS
DA NOSA HISTORIA



MARÍA PITA - ROSALÍA DE CASTRO - CONCEPCIÓN
ARENAL - EMILIA PARDO BAZÁN - OLIMPIA VALENCIA
LÓPEZ - MARÍA CASARES - MARUJA MALLO - ÁNGELES
ALVARIÑO GONZÁLEZ - MARÍA WONENBURGER
PLANELLS - MINIA MANTEIGA OUTEIRO



A publicación foi concibida e xestada en Santiago de Compostela durante os meses de marzo e abril de 2020, cando miramos pasar os días a través das nosas fiestras debido ao estado de alarma.

Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons Recoñecemento-Non-Comercial 4.0 Internacional. Para ver unha copia desta licenza preme [aquí](https://creativecommons.org/licenses/by-nc/4.0/deed.gl) ou visita: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc/4.0/deed.gl>



BRAVAS

CIENTÍFICAS E ARTISTAS GALEGAS

DA NOSA HISTORIA



PRESENTACIÓN / Páx. 7



MARÍA PITA / Páx. 8 - 9

ROSALÍA DE CASTRO / Páx. 10 - 11



CONCEPCIÓN ARENAL / Páx. 12 - 13

EMILIA PARDO BAZÁN / Páx. 14- 15



OLIMPIA VALENCIA LÓPEZ / Páx. 16 - 17



MARÍA CASARES / Páx. 18 -19

MARUJA MALLO / Páx. 20 - 21



ÁNGELES ALVARIÑO GONZÁLEZ / Páx. 22 - 23

MARÍA WONENBURGER PLANELLS / Páx. 24 - 25



MINIA MANTEIGA OUTEIRO / Páx. 26 -27

Amigas,

Esta pequena publicación, creada con moito agarimo e **#creatividadecooperativa**, contén unha selección de **láminas ilustradas con figuras colorables e recortables de dez mulleres galegas** de recoñecida traxectoria en distintos eidos da ciencia, a arte e a cultura. Cada unha das nosas bravas protagonistas, está acompañada dun breve texto, destinado a lectoras adultas, para facilitar a aproximación ás biografías de senlleiras personaxes femininas de distintas etapas da nosa historia.

Os materiais, creados por **7H Cooperativa Cultural** para combinar a divulgación coa experimentación creativa nalgúns das nosas actividades, está agora a vosa disposición para que, tanto no tempo de confinamento coma despois del, grandes e pequenas compartamos espazos de descuberta de mulleres referenciais, sen prexuízos nin estereotipos de xénero.

Agardamos que gocedes coloreando e debuxando, dándolles distintas e orixinais vidas, a algunhas das moitas e relevantes escritoras, matemáticas, artistas, xornalistas, médicas, astrofísicas ou oceanógrafas galegas, exemplos e inspiración para todas!


*Educamos creatividade
comunicamos cultura*



MARÍA PITA

(A Coruña, circa 1560 - Cambre 1643)

Mayor Fernández de la Cámara y Pita, popularmente coñecida como **María Pita**, é unha das poucas mulleres que pasaron a historia por unha acción bélica. Procedente dunha familia humilde, **converteuse en heroína durante a defensa da Coruña** contra o ataque da Armada Británica, dirixida polo pirata Drake, en 1589. Segundo conta o mito, ao berro de “**Quen teña honra, que me siga**”, agarrou a arma dun soldado finado na batalla e matou ao único alférez inglés que lograra sobrepasar a muralla da cidade. O acto avivou a loita das tropas españolas e das milicias populares, entre a que se atopaban moitas mulleres, que acabaron logrando a retirada dos navíos ingleses.






ROSALÍA DE CASTRO

(Santiago de Compostela, 1837- Padrón, 1885)

Incomensurábel escritora, a figura máis ilustre da poesía do Rexurdimento e unha das personaxes indispensables do panorama literario do século XIX, é a **galega máis universal** e unha das escritoras máis traducidas do noso país. Autora do poemario que inaugura a literatura galega moderna, “**Cantares gallegos**” (1863), cuxa data de publicación foi escollida para instaurar o **Día das Letras Galegas**, foi voz dun pobo silenciado e oprimido e **pioneira na loita feminista**. Nunha sociedade que invisibilizaba ás autoras e desprezaba o galego, o seu carácter independente e revolucionario atravesou todas as súas obras, escritas na nosa lingua e nas que denuncia as distintas opresións patriarcais contra as mulleres.





CONCEPCIÓN ARENAL

(Ferrol, 1820 - Vigo, 1893)

Escritora e xornalista, posuidora dunha grande formación que acadou, maioritariamente, de xeito autodidacta, foi **pioneira na defensa dos dereitos humanos e da igualdade de xénero**. Considerada unha das intelectuais máis importantes do século XIX e a primeira española en reflexionar teoricamente sobre os dereitos femininos, desafiou a prohibición de que as mulleres accederan á universidade facéndose pasar por home para acudir á Facultade de Dereito. Autora da famosa frase “**Abride escolas e pecharanse cadeas**”, loitou por mellorar as condicións de vida das persoas máis desfavorecidas, sendo das primeiras en defender a reforma do sistema penitenciario e o dereito de acceso á educación da muller.





EMILIA PARDO BAZÁN

(A Coruña, 1851 -Madrid 1921)

Nada nunha familia aristocrática, foi unha muller polifacética e anticipada ao seu tempo. Escritora, xornalista, crítica literaria e tradutora, ademais dunha viaxeira incansábel, **é considerada como mellor a novelista española do século XIX**. A súa brillante formación e traxectoria non impediu que sufrira a discriminación de xénero e o machismo, séndolle negado o ingreso en tres ocasións na Real Academia Española (RAE), integrada practicamente por homes. **Autora do primeiro texto moderno feminista**, tanto na súa vida pública coma nas súas obras defendeu a obrigatoriedade de instruír as mulleres e a garantía de que estas accederan a todo os dereitos e oportunidades que gozaban os homes.






OLIMPIA VALENCIA LÓPEZ

(Baltar, Ourense, 1898 - Vigo, 1987)

Con 19 matrículas de honra e premio extraordinario, **en 1925 converteuse na primeira licenciada en Medicina de Galicia**. Nun tempo no que estaba mal visto que as mulleres atenderan aos homes, presións do ámbito familiar e académico obrigárona a renunciar a especializarse en pneumoloxía e optar por xinecoloxía. Desafiando dificultades e prexuízos, en 1928 abriu en Vigo un consultorio de medicina xeral e de xinecoloxía desde o que se converteu nunha pioneira na loita pola igualdade no seu eido profesional. Muller de grandes inquedanzas culturais e intelectuais, no franquismo foi detida e sinalada polo seu apoio ao Partido Galeguista durante a Segunda República.






MARÍA CASARES PÉREZ

(A Coruña, 1922 - Alloué, Francia 1996)

Filla de Santiago Casares Quiroga, ministro e Xefe de Goberno de Manuel Azaña durante a Segunda República, con tan só 14 anos a Guerra Civil condenouna a abandonar Galicia, onde nunca volveu, e exiliarse en Francia. No país galo labrou unha **brillante carreira, tanto sobre os escenarios coma fronte ás cámaras**, converténdose nunha das máis prestixiosas actrices de cine e teatro cun acento galego que nunca quixo perder. Progresista e innovadora formou parte do Teatro Nacional Popular e foi a primeira estranxeira en formar parte da Comédie-Française. Gañadora de premios como o Molière e o Nacional de Teatro francés, **desde 1996 os galardóns do teatro galego levan o seu nome.**






MARUJA MALLO

(Viveiro, 1902- Madrid, 1995)

Inconformista e transgresora, foi unha pintora de recoñecemento internacional, considerada a máis vangardista das artistas españolas do século XX e a **maior representante do surrealismo**. Radicalmente libre e deliberadamente provocadora, **liderou ás “Sin Sombrero”, grupo de intelectuais da Xeración do 27** que rachou con todas as imposicións sociais e cadeas morais do seu tempo. Participante nas Misións Pedagóxicas da Segunda República, o estalido da Guerra Civil obrigouna a exiliarse en Arxentina, onde permaneceu até o seu regreso a España nos anos 60. Malia que as súas obras foron expostas en museos de medio mundo, non foi até o fin da súa vida cando recibiu o recoñecemento público que merecía no seu país.






ÁNGELES ALVARIÑO GONZÁLEZ

(Serantes-Ferrol, 1916 - California, 2005)

Oceanógrafa experta mundial en zooplanc-
to, **descubriu 22 novas especies animais mariñas
de pequeno tamaño**, os indicadores planctónicos
para correntes oceánicas e para a pesca. Tras ini-
ciar a súa carreira de investigación no Instituto
Español de Oceanografía en Madrid e Vigo, a súa
estadía no Laboratorio Mariño de Plymouth per-
mitiulle converterse na **primeira muller a bordo
dun barco británico de investigación en calidade
de científica**. O centenar de traballos científicos
orixinais publicados e o seu acceso a centros de
investigación estranxeiros de vangarda convérte-
na nunha das mulleres máis relevantes da ciencia
en Galicia.





MARÍA WONENBURGER PLANELLS

(Montrove, Oleiros, 1927 - A Coruña, 2014)

Tras licenciarse en Matemáticas, en 1953 converteuse na **primeira española en lograr unha das prestixiosas bolsas Fullbright**, grazas á que estudou o seu doutoramento en Nova Iorque. Nos Estados Unidos desenvolveu a maior parte da súa carreira como investigadora e académica, **erixíndose nunha das figuras referentes no campo da Álgebra a nivel mundial**. Directora da tese de doutoramento que deu orixe a Teoría de Kac-Moody, con aplicacións en Matemáticas, Física e Informática, durante décadas o seu traballo pasou desapercibido no Estado español. En 2007 creouse un premio co seu nome que anualmente reconece a mulleres galegas de traxectorias relevante nos eidos da ciencia e tecnoloxía.






MINIA MANTEIGA OUTEIRO

(Negreira, 1963)

Especialista en evolución estelar, astrofísica espacial e Big Data Astronomy, en 2018 converteuse na **primeira muller catedrática de Astrofísica de Galicia**. Integrante da Unión Astronómica Internacional, autora de máis de 150 artigos, capítulos de libro e comunicacións en congresos internacionais, actualmente compaxina a docencia na Escola de Náutica na Coruña coa investigación e o seu traballo na Axencia Especial Europea no proxecto Gaia, a cartografía máis ampla feita até agora da Vía Láctea. **En marzo de 2020 ingresou na Academia Galega de Ciencias.**





7H Cooperativa Cultural é un proxecto de autoemprego colectivo e un modelo de xestión empresarial baseado na economía social e, por tanto, centrado nas persoas e na comunidade. Aspiramos a xerar un modelo de participación que, desde a **educación artística**, a **creación contemporánea** e a **comunicación cultural** fomente o diálogo, o recoñecemento e a visibilización da diversidade cultural, promovendo a transformación colectiva do noso contexto. Con este fin e como especialistas en **participación**, **feminismos** e **capacidades diferentes**, traballamos desde os principios de inclusión, igualdade e diversidade para garantir a participación de todas as persoas nos procesos de creación cultural contemporánea.

Constituída en 2015, 7H nace ao amparo do **Premio Emprende Gaiás-Sixto Seco** á mellor idea empresarial creativa. En 2016 recibimos o **Premio aos Valores Cooperativos**, concedido polo Consello Galego de Cooperativas polo noso coidadoso traballo en colectividade e, en 2018, a Deputación da Coruña outorgounos o **Premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero** en recoñecemento ao noso programa de arte urbana feminista *Elas Tamén Pintan*, a distinción da que nos sentimos máis orgullosas.



www.7Hcoop.gal

7hcoop@7hcoop.gal

881978756 · 637894033

   [@7Hcoop](https://www.instagram.com/7Hcoop)

Avenida Romero Donallo, nº 45. Praza do Ensanche - Local 76
C.P. 15701 Santiago de Compostela

